



CONCELLO
DA
POBRA DO CARAMIÑAL
(A CORUÑA)

Municipio de Interese Turístico

PROPOSTA DE ALCALDÍA RELATIVA A CESIÓN TEMPORAL DE TERREOS NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A TOMADA PARA CONSTRUCCIÓN DUNHA GARDERÍA.

A Xunta de Galicia concedeulle unha subvención á Entidade Urbanística de Conservación do Polígono de A Tomada, co fin de destinala á construción dunha gardería.

Por parte do Presidente da Entidade Urbanística de Conservación do Polígono de A Tomada solicítase ao Concello a cesión temporal de uso da parcela con número de referencia catastral **3067421NH0136N0000ZK**, para levar a cabo na mesma a actuación de edificación consistente na construción dunha escola infantil de tres módulos e destinada a nenos de 0 a 3 anos.

Visto que a parcela de referencia se atopa desocupada e que por parte do Concello non está previsto a súa afectación ou explotación.

Visto que a actividade que se pretende desenvolver na parcela ten unha utilidade pública para a veciñanza, polo que o Concello considera axeitada a cesión do uso ao solicitante.

Por todo anteriormente exposto, esta Alcaldía propón o Pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: O Concello de A Pobra do Caramiñal, móstrase conforme a asinar un convenio coa Entidade Urbanística de Conservación do Polígono de A Tomada para a cesión temporal da parcela con número de referencia catastral **3067421NH0136N0000ZK**, con destino á construción dunha gardería.

SEGUNDO: O Concello de A Pobra do Caramiñal cederá a parcela de referencia por un período de 5 anos, prorrogables no caso de ser necesario por causas xustificadas por períodos non superiores ao inicial.

TERCEIRO: No caso de non destinar a parcela á construción dunha gardería, no prazo máximo dun ano desde a sinatura do convenio, quedará sen efecto e revertirá automaticamente a parcela ao Concello.

CUARTO: Facultar ao Alcalde para que subscriba todos os documentos que se deriven do expediente, entre eles a sinatura do convenio, e para que realice as xestións necesarias para o cumprimento do mesmo.

A Pobra do Caramiñal, a data da sinatura dixital,